

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións definitivas de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 20 de xaneiro, da Dirección Xeral de Xustiza

O 20 de xaneiro de 2025 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024,

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 21 de marzo de 2022 da Dirección Xeral de Xustiza,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar e facer pública, no Anexo I da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Segundo.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>)

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

Posto	Director/a do Instituto de Medicina Legal de Galicia
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dirección. Santiago de Compostela (A Coruña)
Código do posto	XG9251810015770301.01

Adxudicatario/a:	Noemí Morte Tamayo
Data inicio da comisión:	21/02/2025

